

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 4 DE XUÑO DE 2008**

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Vicerreitora de Investigación Dona Concepción Herrero López, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Equipamento a solicitar na convocatoria FEDER 2008
4. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta  
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.  
Pilar Rodríguez Barro  
Jorge Delgado Martín  
Andrés Martínez Lage  
Julián Yáñez Sánchez  
Andrés de Blas Varela  
Soledad Muniategui Lorenzo  
José Luis Vilariño López  
Daniel Fernández Mosquera  
José María Aguiar Paz  
Alicia Cantarero Roldán  
Jorge Otero Canabal

Desculpa a súa presenza Carlos Jiménez González, por un compromiso anterior.

.Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Sinalanse por parte da Presidenta algunhas modificacións necesarias: xa non procede o uso do tratamento de excelentísima para as vicerreitorías, o dato de satisfacción global é 3,10 sobre 4. E non se farán constar datos sobre a situación sanitaria de persoas particulares.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de 14 de decembro de 2007, coas modificacións sinaladas.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O Director do Servizo, Jaime Rodríguez González, fai unha exposición sobre a evolución da actividade do servizo durante 2007, recordando que a correspondente memoria anual se atopa dispoñible na web dos SAI. Adxúntase coa presente acta o contido da exposición en formato electrónico, que se resume a continuación.

Respecto ao ano 2006 tanto o número de mostras como de determinacións experimentaron un incremento superior ao 50%. A porcentaxe de determinacións para usuarios da UDC aumenta ao longo dos anos desde o 2004, consonte a un dos obxectivos fixados polo servizo, atinguindo o 79% en 2007. Hai asemade un aumento da facturación, que en 2007 se sitúa nos 363.193,30 euros.

No 2007 tivo lugar a instalación do seguinte equipamento:

- Instrumento ICP-MS de alta resolución
- Instrumento ICP-MS cuadrupolar, acoplado a HPLC, co que se están a realizar estudos de especiación.
- Espectropolarímetro de dicroísmo circular-ORD, equipado con dispositivo stop-flow.
- Equipamento de preparación de mostras para microscopía, incluíndo un crioultramicrotomo.

- Sistema multiparamétrico para análise de augas.
- Nanofonte de electrospray para o Q-TOF adquirido en 2006.

Con data 23 de xaneiro os SAI acadaron o selo ISO9001:2000, que foi emitido pola empresa certificadora SGS. Na Unidade de Técnicas Cromatográficas terá lugar próximamente (posiblemente no vindeiro mes de xullo, se ben a data definitiva non está confirmada) a auditoría conforme á norma ISO 17025 para a acreditación da análise de dioxinas en diversas matrices.

O servizo de mantemento científico levou a cabo 250 intervencións durante 2007, a meirande parte para a Facultade de Ciencias. É posible que a dispoñibilidade deste servizo non sexa aínda suficientemente coñecida, e que sexa necesario realizar unha campaña informativa centro por centro.

### Punto 3º. EQUIPAMENTO A SOLICITAR NA CONVOCATORIA FEDER 2008

O director do servizo anuncia que hai aberta unha convocatoria de fondos FEDER, rematando o prazo de presentación de solicitudes o vindeiro 18 de xuño. Toma a palabra a Vicerrectora de Investigación, expoñendo que esta convocatoria contempla accións de adquisición de equipamento científico-tecnolóxico e de creación e mellora de redes telemáticas, non contemplándose nesta ocasión o financiamento de construción de edificios). Enviouse carta aos investigadores da Universidade, abrindo tanto a posibilidade de adquisición de equipamentos centralizados (a ubicar nos SAI ou en centros tecnolóxicos), como de equipamentos para os laboratorios propios dos grupos de investigación; esta segunda posibilidade faise necesaria pola desaparición de outras vías de financiamento ás que os grupos podían recurrir ata agora. As propostas de adquisición de equipamento centralizado foron elaboradas a proposta ben dos SAI ben dos usuarios da correspondente unidade reunidos ao efecto, coa excepción dunha relativa a un Sistema de análise xenético, e relaciónanse a continuación:

1. Adquisición dun espectrómetro de masas de relacións isotópicas. Responde á antigüidade dun equipo actualmente en servizo, con máis de 10 anos, e para o que xa non se garantizan subministros, polo que resulta conveniente o seu cambio. A adquisición está apoiada por diversos grupos de investigación (entre eles de Tecnoloxía da Construcción, Edafoloxía, Bioloxía animal, Instituto Oceanográfico, Instituto de Xeoloxía).

2. Equipamento de preparación de mostras (dixestor de microondas e machacadoras de mandíbulas e muíños). As tarefas de preparación comportan unha considerable carga de traballo para os técnicos da unidade de análise estrutural, impedindo unha maior dedicación ao traballo instrumental, polo que se decideu o establecemento dun autoservizo, que á súa vez require unha dotación apropiada. Asemade, a preparación de mostras para ICP-MS constitúe en ocasións un factor limitante para as análises, polo que se plantexa a adquisición dun dixestor de microondas. Alicia Cantarero sinala que hai ademáis un problema de dispoñibilidade de persoal, polo que tamén se está a considerar a implantación dun autoservizo de preparación de mostras.

3. Sistema de análise xenética, para mostras humanas (petición do grupo do Prof. Castro Beiras-M. Hermida). Esta petición combinaríase cunha actualización de equipamentos do servizo, e vanse tratar establecer dúas vías de proceso no laboratorio, unha para mostras humanas e outra para outros organismos.

Andrés Martínez Lage pregunta se as machacadoras de mandíbulas son aplicables a mostras de oso de mamíferos. Jorge Delgado explica o seu funcionamento e que poderían ser axeitadas.

O director solicitará aos grupos interesados na adquisición dos diferentes equipamentos os seus CV, xunto con unha xustificación do seu interese e das melloras que se obteñen mediante a adquisición.

Julián Yáñez interesase polos importes a que corresponden cada unha das accións, informando o director (espectrómetro de relacións isotópicas, aproximadamente 250.000 euros; dixestor de microondas, 100.000 euros; machacadoras e muíños, 70.000; sistema de análise xenético 140,000; outras melloras no laboratorio de bioloxía molecular, 60,000 euros).

A relación de solicitudes exposta é aprobada para a súa presentación na convocatoria de fondos FEDER 2008.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Pilar Barro interésase pola implantación do laboratorio de augas. O director informa que xa está instalado o 75% do equipamento, e que unha tecnóloga está a realizar a posta a punto das analíticas. Xa se poden realizar uns 6 parámetros máis dos que se viña ofrecendo o servizo, e espérase que en 1-2 meses a totalidade das analíticas previstas estean dispoñibles, que nese momento serán incorporadas ao cuestionario de solicitude. A análise de anións faise xa por cromatografía iónica en lugar de CIA, resultando posible a análise de máis ións e con mellores límites de detección. José Luis Vilariño interesase polas analíticas de DBO e DQO, informando o director que tamén estarán dispoñibles.

Andrés Martínez pregunta se o persoal do servizo é suficiente para afrontar o incremento en determinacións. O director informa que se solicitou máis personal durante este ano.

Jorge Delgado sinala, respecto a evolución da actividade do servizo, que un descenso no traballo externo podería supoñer un descenso nunha fonte de financiamento importante. O director puntualiza que realmente o traballo externo non decreceu, se ben é certo que o interno medrou máis durante os últimos anos, o que está en consonancia coa misión principal do servizo. O director informa tamén que continúan as subscricións de convenios con empresas. A Vicerrectora de Investigación sinala que tal vez haxa un límite na capacidade de demanda das empresas do noso entorno.

José Luis Vilariño quere resaltar como aspecto positivo a mellora na súa satisfacción co servizo de microscopía manifestada polos usuarios do campus de Ferrol. O director observa que o aproveitamento do programa INCITE está permitindo a incorporación de máis personal, é que en particular a tecnóloga incorporada na unidade de microscopía conta cunha considerable experiencia previa e realiza unha aportación moi valiosa ao funcionamento e desenrolo da unidade.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal